

NORMAS E INFORMACIÓN IMPORTANTE PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE

1. Responsabilidade por danos

- Se un participante causa danos nas instalacións ou materiais por mal uso, os pais/titores deberán asumir o custo da reparación ou substitución.

2. Obxectos persoais

- Non se recomenda que os nenos/as traian obxectos de valor ou xoguetes de casa.
- A organización non se fai responsable de perdas, roubos ou danos en obxectos persoais.

3. Recollida de menores

- Só se entregarán os nenos/as ás persoas autorizadas (pais, titores ou adultos designados).
- As persoas que recollen deben ser maiores de 16 anos e presentar o DNI.
- Se outra persoa (non autorizada previamente) debe recoller o menor, é necesario:
 - Autorización por escrito dos pais/titores.
 - Presentación ante os monitores/responsables.

4. Horarios

- É fundamental respectar os horarios de entrada e saída.
- En caso de chegar tarde ou necesitar saír antes, comuníquese ao persoal da actividade.

5. Emerxencias e datos de contacto

- En caso de accidente ou incidencia, contactarase cos pais/titores a través do teléfono facilitado na inscrición.
- Se houber cambios nos datos de contacto, deben notificarse de inmediato ao persoal.

Motivos de expulsión

1. Ausencias sen xustificar:
 - Máis de 1 ausencia por semana poderá supoñer a perda da praza.
2. Faltas de respecto:
 - Calquera comportamento inadecuado dos participantes ou das súas familias cara aos monitores poderá ser motivo de expulsión.
3. Violencia física ou verbal:

- Será motivo de expulsión inmediata calquera agresión (física ou verbal) a outros participantes ou monitores.

Recomendacións importantes

Para unha boa experiencia:

☒ Comunicación con monitores:

- Informade de calquera cuestión relevante sobre o/a menor (información confidencial) para garantir unha inclusión adecuada.

☒ Roupas e calzado:

- Cómodos e axeitados para actividades de ocio.
- A organización non se fai responsable da roupa estragada durante as actividades.

☒ Protección solar e hixiene:

- Gorra e crema solar xa aplicada (os monitores non poden aplicar crema por hixiene).

☒ Alimentación e saúde:

- Traer auga e petisco saudable para a media mañá.
- Non se administrarán medicamentos polo persoal.
- Non se permite a asistencia con enfermidades contaxiosas, procesos víricos ou en recuperación.